



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

DECRETO: Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno de Corporación de data 28 de agosto de 2018.

María Barral Varela, alcaldesa do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os distintos expedientes conclusos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria Ordinaria que terá lugar no Salón de Plenos da Casa do Concello, o próximo martes 28 de agosto de 2018 ás 20:30 horas en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

SEGUNDO. Establecer a seguinte ORDE DO DÍA para a devandita sesión:

- 1. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior.*
- 2. Dar conta de decretos da Alcaldía e asuntos varios.*
- 3. Moción do PP para que o Concello de Betanzos realice un plan ou estudo do estado de barrios e parroquias.*
- 4. Moción de BN sobre a licenza para gasolneira no barrio da Condasa.*
- 5. Moción do BNG relativa ao botellón.*
- 6. Moción do BNG sobre a retirada de vehículos na vía pública.*
- 7. Rogos e preguntas*

TERCEIRO. Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa
María Barral Varela

O Secretario (Asinado aos efectos do artigo 2 do Real decreto 1174/1987)
Rafael del Barrio Berbel